

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Sabía que...

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Sabía que para que non o mordan as cobras...

► Hai que poñer follas de fresal collidas o primeiro día de lúa de Xúpiter nunha taza de vidro pousada sobre unha folla de pergamiño virxe e deixalas á luz da lúa dende o undécimo ata o décimoquinto día. Logo faise un cinto coas follas eponse ben axustado por baixo ou por riba da roupa. En canto os bechos (cobra, víbora) sinten o runxir daas follas botan a correr e non se achegan á persoa que as leva. Se se fai un círculo no chan con esas follas e se mete unha cobra ou víbora dentro, antes se deixa morrer de fame que traspasa a liña de follas de fresal.

BIBLIOGRAFÍA

ANACOS DA NOSA CULTURA. Refráns, adiviñas, lendas... Equipo de Normalización Lingüística, Cursos 95-96 e 96-97, CPI Veleiro do Campo, Castro Riberias de Lea, Castro de Rei (Lugo), Citania Publicacións, Lugo, 2000.